

Manuel María: literatura e nación. O tempo histórico

FRANCISCO CARBALLO

Os primeiros vinte anos de Manuel María, **1929-1949**, foron tempo de formación persoal: vontade de ser e saber ser. Corresponden ao segundo cuarto do s. XX. Unha ollada a ese marco da nosa infancia e mocidade.

Europa saíu traumatizada das dúas catástrofes bélicas, 1914-1918 e 1939-1945. Nas entreguerras medran os fascismos na parte occidental; na oriental, logo dun intento prometedor, a NEP, o estalinismo. A 2ª Guerra Mundial foi de máis espesor -50 millóns de mortos- e deixou ao pairo os países “imperiais”, despertando as consciencias nos subordinados cara a novas formas de relación. A lección foi forte e algo aprenderon todos para crear a ONU, 1945, promulgar un código de Dereitos Humanos e desde institucións económicas –Bretton Woods, 1944- dar pé ao FMI e ao BM.

Setembro de 1945, comezo da descolonización da República de Viet-Nam baixo a dirección de Ho Chi Minh en guerra con Franca ata 1954. Paralelamente á longa marcha e Mao na China.

Aludamos de paso ás figuracións sociopolíticas de España e as propias de Galiza que pesaron no ser e saber da nosa xeración. Os primeiros anos do século XX foron decisivos na Galiza: despregamento agrario e conserveiro; agrarismo; decreto de redención foral, 1926; obras públicas, mais insuficientes para evitar a marcha masiva de emigrantes: o primeiro dos dous desangres migratorios da Galiza do XX.

Saldo migratorio de Galiza¹:

1910-1910	126.547
1920-1920	77.757
1930-1930	99.446
1940-1940	+63.515
1941-1950	115.359

Seguen os anos '30 nun xogo de vida e morte: 2ª República e Guerra Civil. A 2ª República aquí e en España, benvida, chea de ilusións, plural de proxectos, unha primavera, mais sen *auctoritas*, porque o Estado descansaba nunhas familias, era un Estado oligárquico; o poder, constitucionalmente triplo, débil e submisos aos poderes fácticos; ademais eran tempos de recesión. A República máis que duplicou a atención escolar en Galiza e atendeu a cultura dos adultos: un influxo determinante para os anos sucesivos deste país. No 1931 constituíuse o PG, o primeiro partido nacionalista, con A. Daniel R. Castelao e Alexandre Bóveda, +1936, como voceiros a destacar. O 28-VI-1936 gañouse o referendun do Estatuto de Galiza.

O réxime republicano foi derrotado nunha “guerra civil”, 1936-1939: as clases dominantes contaron coa maior parte do exército para recuperaren o poder. Batéronse sen misericordia os que aspiraban á dignidade de cidadáns e os que se reservaban o poder económico e social que souberon revestirse de lexitimidade sacra. Desolación non superada pola 2ª G. Mundial.

Mentres a Europa do “holocausto” e das dúas guerras se refacía con Plan Marshall, 1947, e se endereitaba cara a un desenvolvemento vigoroso, nós –os rapaces e mozos da xeración- mal apañados de escolas, alimentos e diversións, sabiamos da morte, 1936-1939, 1940-1950, do exilio e das depuracións de docentes e dos enfrontamentos da “guerrilla galega”, o pouso da utopía liberadora. O mundo rural suavizou a escasez grazas ao aproveitamento total para si mesmo e para dar aos da urbe aquel “racionamento” a cambio do estraperlo e contrabando do wolfrans e de pezas de recambio industrial.

No medio deste destrozo, Galiza camiñaba: detivérase a emigración desde 1929 a 1940; volta nos 40. Viviamos nunha economía de autarquía por necesidade e por ideoloxía. O poder era totalitario.

¿Qué introxectamos os mozos de 20 a 25 anos no 1949?

Raiba; abriamos os ollos para endereitar a propia vida e a do país amedrentado baixo o teito de pedra no que vivíamos. Unha xeración sobria, educada no esforzo, ao son da corneta e de longas noites de inverno na lareira. Nos institutos –nas tertulias, v.g. as do Méndez” en Lugo, ou as do “Español”, en Santiago, e na universidade entraba polas fírgoas algunha raiola crítica. Manuel María recibiu memoria galega nesas tertulias.

¹ Magariños, Alfonso, *A emigración: modernización e cambio social na Galicia contemporánea 1900-1936*. Santiago, Laiovento, 1999. P. 167

1950-1970

O período 1945-1970 é de expansión económica e da Guerra Fría. Un bipolarismo asimétrico –USA-URSS- que non disimulaba a hexemonía USA no económico, cultural e político.

Segundo Robert Brenner²: “o período de expansión da posguerra tivo lugar a través dun ciclo virtuoso de interacción entre o capital norteamericano e os capitais xaponés e europeo. Este ciclo foi un proceso típico de desenvolvemento desigual no que os novos produtores foron capaces de tomar posicións no mercado mundial de produtos manufacturados até competiren con éxito co capital americano. O ciclo virtuoso chega á súa fin a comezos dos anos 70, cando a excesiva competencia dá lugar a rendementos decrecentes para todos os sectores económicos involucrados”. E cando o petróleo dá diñeiro aos países produtores que se converten en problema para os países imperiais.

Os anos '50 e '60 son os da “descolonización”. Unha conciencia colectiva percorría África, Asia; 29 países expresaron en Bandung, 1955, o desexo de neutralidade de USA-URSS, de “non alineárense” e de opoñérense ao colonialismo. De novo surxe o impulsor do nacionalismo como dinamismo de cohesión e de solidariedade social. J.P. Sastre, 1958, *L'Express*, calificou este empuxe do nacionalismo como o “fenómeno máis importante da 2ª metade do s. XX”³. Entre os numerosos novos Estados libres, 1956, Marrocos, 1962, Arxelia, con cuxa independencia quedou demostrada a imposibilidade dunha Unión Francesa de provincias en África. Portugal e España non quixeron entendelo e redefiniron as colonias como provincias de ultramar. Mais todo inutilmente, en 1975 libéranse Angola, Mozambique, Guinea-Bissau, Cabo Verde. O Reino Unido levou un duplo camiño, de resistencia na India e de pactos.

Mais as empresas dos países “imperiais”, desde o primeiro momento retiveron propiedades nos países descolonizados e unha connivencia económica coas burguesías emerxentes. Toda unha inxerencia hoxe en activo que modula o desenvolvemento do chamado 3º Mundo.

España sen Plan Marshall, mais con axuda americana, abandona a autarquía a finais dos '50 e acércase á Europa dos seis (1957) con plans de desenvolvemento e os recursos do turismo e da emigración masiva a Europa. A 2ª emigración do século da poboación galega. Emigrantes⁴:

1960-1960	237.343
1961-1970	229.086
1901-1970	822.014

Se nos colocamos no ano 1964 podemos ollar un panorama significativo. Pleno esforzo dos países a descolonizárense e de influencia dos seus líderes na conciencia mundial.

² Mariño, Marcos e Varela, Araceli. *Á man esquerda*. Santiago, Laiovento, 2004, Peter Gwan. P. 15

³ Fusi, Juan Pablo. *La Patria lejana. El nacionalismo en el siglo XX*. Taurus, Madrid, 2004. P. 328

⁴ Magariños, Alfonso. *A emigración: modernización e cambio social na Galicia contemporánea 1900-1936*. Laiovento, Santiago, 1999

Advírtese no Occidente certo malestar xuvenil; aumentan formacións miúdas que rebentan no maio francés do '68. E un pulso co capitalismo abafante e co socialismo real que non se desfai do estalinismo. Kristin Ross acepta a afirmación de Raymon Arons para quen o maio '68 tivo un “carácter social que afectou a todos os sectores do traballo e a todas as clases sociais”⁵.

Desde a dimensión relixiosa, o concilio Vaticano II -1962-1965- (Giuseppe Alberigo) dá respostas fiábeis. Todos os concilios anteriores tiveran a función de conservar, este proclama o *aggiornamento*, a posta ao día á vista dos signos dos tempos. Os anteriores concilios foron dogmatizantes, este acudiu á Biblia, aos Santos Padres e á teoloxía medieval para superar a Contrarreforma e intentar unha Igrexa do diálogo. Os seus obxectivos teceron, en continua conflitividade interna, a actividade eclesial todos estes anos.

Noutra dirección da relixiosidade comezaba a xerarse o *yihadismo*. A semente dos “Irmáns Musulmáns” de Exipto, o *wahadismo* de Arabia Saudí e o *chiismo* rebelde con Jomeini estaban a interrelacionarse na metade dos '60. O gran triunfo vai ser o de Jomeini en Irán, 1979, mais a fabricación ideolóxica acompañou a descolonización ao advertir algúns intelectuais a manipulación substitutoria desde os países imperiais e cando as masas se viron na mesma servidume. Unha das reaccións foi a do *yihadismo*, outra o nacionalismo árabe e certo socialismo⁶.

No 64, Galiza recibe inxeccións bancarias da emigración, libera campesiñado para as cidades propias, de España e de Europa. Crea a explotación familiar gandeira e a flota de gran altura. Advén Citroën, ENCE e máis, até formar unha industria de enclave que se suma ás do período da autarquía.

“Entre 1960 e 1967 despégase o período de crecemento máis intenso e sosti-do que disfrutou a economía española na segunda metade deste século. Nestes anos duplicase o tamaño do PIB español, arrastrado pola liberalización externa e interna e a coincidencia cun ciclo alcista europeo de enorme puxanza. A economía galega compórtase ben, pero nun nivel lixeiramente inferior ao español”⁷.

A década dourada dos sesenta foi de altos conflitos na Galiza. Viamos a penetración capitalista con cupos de benestar desigual e exclusións numerosas. Non eramos unha excepción no mundo da periferia que se recompoñía nos anos '60. Na Galiza as primeiras folgas e manifestacións reivindicativas: Lourizán, Mazaricos, 1963; Castrelo de Miño, 1965, e máis até as decisivas de Ferrol e Vigo, 1972. Galiza comezaba a despreguizarse e a ter memoria.

No 1950 falecera en Buenos Aires A.D.R. Castelao deixando no *Sempre en Galiza* unha antoloxía da nación. Afondaban as diferencias internas no PG, e co Con-

⁵ Ross, Kristin. *Mai 68 et ses vies ultérieures*, París, 2005

⁶ Kepel, Gilles. *La Yihad: expansion y declive del islamismo*. Barcelona, Península, 2001

⁷ Xaquín Fdez. Leiceaga, Edelmiro L. Iglesias, *Estructura económica de Galiza*, Santiago, Laidvento, 2000. p. 64

sello de Galiza en Buenos Aires, 1958. Galeguistas históricos optaron na Galiza polo culturalismo, en Buenos Aires mantiveron a fidelidade ao ideario político dos anos '30. No 60 aparece o Consello da Mocidade, de pouca duración polo cruzamento de ideoloxías opostas.

En seguida inscreben na Coruña ao PSG, 1963, nun europeísmo socialdemócrata. Mais sectores da Mocidade coñecían a solución política de “liberación nacional”, do socialismo non estalinista, de Mao Zedong, de Ho Chi Min e de Frantz Fanon. No 1964, nace a UPG co decálogo de autodeterminación de Galiza.

A matriz deste abrente político procedía da República, do galeguismo, da herdanza de Castelao, da esquerda marxista, etc. Galaxia, 1950, pulaba pola cultura galega, e as Asociacións Culturais de nova creación: 1961, O Galo (Santiago) ao que seguen O Facho (A Coruña), Auriense (Ourense), Cultural de Vigo, etc. daban cobertura a un espazo de análise e planificación. No 1967 e 1968 folgas universitarias e a Nova Canción Galega. Ao antifranquismo hexemonizado polo PCE-PCG, sumáronse novas forzas e organizacións. Factor determinante deste rexurdimento foi a maior extensión escolar primaria, secundaria e universitaria. Taxa de alfabetización:

1900: 32,12% (maiores de 10 anos)

1950: 84,16%

1970: 90,54

O ensino secundario multiplicouse, igual o técnico e o universitario. Este en avance continuo: no 1934, 2.000 universitarios; no 2000, nos 100.000.

Neste magma cultural e político actúa Manuel María; é un dos guías imprescindíbel deste camiñar colectivo; é letrista das cancións, é poeta deste bulir. E cando, cara a 1973, o declinar económico ameaza, Galiza conta con sectores decididos a substituír o franquismo: ofrecen unha preocupación económica crítica do desenvolvemento, opción polo idioma galego como fala e escrita, e a saída do autoritarismo cara a unha democracia social de Galiza. No 1972 toda a enerxía acumulada ten nas folgas de Ferrol e de Vigo unha proba de lume cos seus testemuñas: Amador Rei e Daniel Niebla. O período da expansión económica terminaba. Na Galiza a sociedade alineábase: horizontalmente polo continuísmo ou para unha nova xeira en ruptura co franquismo. Verticalmente, obreiros, campesiños, exiliados, etc. ían impulsar a busca de melloras salariais e da liberdade. Un seminarista que finalizaba estudos, saudaba esta circunstancia así:

“Soou a hora da revolución!

Da batalla,

Da loita,

Da esperanza,

Da paciencia”⁸

⁸ Varcarce, Ramón. Diario inédito, 1969

1970-1990

Desde os anos 1970 até hoxe vivimos nunha economía de “declive”. Para Brenner, a crise estrutural dos 70, provocada pola competición intercapitalista, estírase até hoxe. Como se estira e amplía o conflito de clases entre capital e traballadores, entre os países imperiais e os descolonizados ou semicoloniais.

Se o período de expansión se caracterizou polo “fordismo”, este declinante defínese postfordista, de preponderancia do capital financeiro e insiste na flexibilización laboral, tecnolóxica e xeográfica baixo o slogan da “privatización”. Até os ‘90 o neoliberalismo aproveita as creacións anteriores e emite timidamente as súas doutrinas; logo “oficialízase” como dogma: globalización, pensamento único.

A dereita de USA xogou forte o combate polo unilateralismo e a destrución económico-política da URSS. A esta aposta de USA chama Peter Gowan⁹ “Réxime dólar Wall Street (RDWS), que se construíu “a través dunha cadea de decisións a partir dos anos setenta e acabou conquistando todo o mundo capitalista. E practicamente sinónimo do funcionamento do capitalismo estadounidense”. Por decisión de Nixon desapareceu a paridade dólar e ouro, agosto de 1971. A iso uníuse o crecemento do prezo do petróleo; os petrodólares garantíaos a banca americana.

En España, á desaparición do Xeneral franco, as clases dominantes e sectores da clase media optaron pola Reforma política e os Pactos da Moncloa. Unha transición pacífica en canto cambio de réxime, continuísta en canto permanencia do sistema económico e social, monárquica como trapela do “nacionalismo español”. Na Galiza obtivo o beneplácito maioritario. Quedaron desilusionados os sectores rupertistas e frustrada a clase social máis desasistida.

Nos anos ‘70 a economía española entra nunha fase depresiva. Galiza resiste mellor, pero acusa os estertores do goberno do xeneral Franco, 1975, a decisión constitucional, 1978, e recibe unha autonomía, 1981, a interpretar desde mínimos polos gobernos conservadores agás a breve interrupción do “tripartito”, 1987-1989.

Irrompe o protagonismo dos partidos políticos e, á súa sombra, devalan os sindicatos cada día menos nutridos de obreiros. Nacera o sindicalismo nacionalista no 1972. A sociedade civil vai dando pasos lentos: asociacións de veciños, asociacións “culturais”, ong’s, e outras entidades civís. As “forzas vivas” perden simbolismo aínda que o 23/F., 1981, demostre forza e obteña efectividade, v.g., coa LOAPA e coa validación da Monarquía, etc. O poder decisivo está na man do capital financeiro, das multinacionais.

“Nunha primeira aproximación, podemos concluír que, no seu conxunto, os anos 70 teñen sido economicamente positivos e os 80 difíciles”¹⁰.

⁹ Mariño, Marcos e Varela, Araceli. *Á man esquerda*. Santiago, Laidvento, 2004, / Peter Gwan. P. 134

¹⁰ Xaquín Fdez. Leiceaga, Edelmiro L. Iglesias, *Estrutura económica de Galiza*, Laidvento. Santiago, 2000, p. 65

Social e politicamente foron anos de busca, recomposición das forzas nadas na clandestinidade do franquismo. A principios do '70 a UPG e o PSG fan unha declaración conxunta para unha base de unidade de acción. No 1975 nace a ANPG, que agrupa diversas entidades e está presente en reivindicacións nas Encrobas, 1976, en defensa das indemnizacións xustas aos labregos a pagar por Meirama, en Xove contra unha proposta de central nuclear, etc. Incluso unha aventura de “loita armada” acabou coa morte violenta de Moncho Reboiras a man da policía, 12-VIII-75.

No 1976 formouse o Consello de Forzas Políticas Galegas (UPG, PSG, PGDS, MCG e Partido Carlista) que aprobou as “Bases constitucionais para a participación da nación galega nun pacto federal”. A frustración da “reforma política” produciu tormentas internas nos partidos rupturistas. O período 1977 a 1982 é de grande mobilidade política e sindical. Os deputados ao Parlamento español asumiron a formulación do Estatuto de Autonomía que, logo de avatares –manifestación contra o aldraxe do 4-XII-77 (Vigo), comisión dos 16, pacto do Hostal, XII-80, referendun- deu entrada á Autonomía de Galiza. A remodelación do nacionalismo logrouse na Asemblea de Riazor, 1982, coa creación do BNG.

Manuel María, desde a UPG, da ANPG, 1975, de concelleiro en Monforte, 1979, é testemuña das reivindicacións laborais, sociais, nacionais e culturais ombro con ombro coa AS-PG e as AA. Culturais, a Mesa pola Normalización Lingüística, 1986, etc. Manuel María é un dos eixos da creatividade cultural do país e do cultivo literario da nosa lingua.

Aínda que as institucións da Autonomía de Galiza comezaron con escasez de medios e de forza na dirección económico-social do país, instrumentaron a simboloxía e na poboación creceu a conciencia da identidade galega.

As primeiras eleccións da Autonomía foron gañadas por AP. Fórmase un goberno AP-UCD con votos propios e dos catro galeguistas que ían na do PSOE -52 de 71-. Preside o Parlamento A. Rosón e o Goberno, Xerardo F. Albor.

Presiden os sucesivos gobernos da Xunta: 1981-85 Xerardo F. Albor; 1985-1987 Xerardo F. Albor; 1989: Fernando González Laxe; 1989-1993: Manuel Fraga; 1993-1997: M. Fraga; 1997-2001: M. Fraga; 2001-2005: M. Fraga; 2005: Emilio P. Touriño.

Todo goberno democrático ten no Parlamento a guía, control e apoio. Así de 1981 a 1989. O Parlamento galego serviu de canle para crear conciencia de Galiza e de democracia. O país dotouse de capital en Santiago, 1982 e 2002, dunha Lei de Normalización Lingüística, 1983, 2004, do Consello da Cultura Galega, 1983, Compañía de Radio Televisión de Galicia, 1984, emitindo en galego desde 1985. Estas e outras decisións legais recolleron e canalizaron as inquedanzas da sociedade que se concienciaba e expresaba cada día máis desde si mesma.

Pero o goberno autonómico non deu sinais de asumir unha política económica e cultural de construción de Galiza como nación e desde a situación real de seu atraso e subordinación. Grandes necesidades como a ordenación do territorio, o

emprego, especialmente o xuvenil, defensa da industria e creación de novas factorías, da transformación cara unha agricultura e gandería modernas, etc., non foron acometidas en serio. Satisfacer esas necesidades básicas e avanzar no benestar social era a reivindicación dos galegos e nisto foi elixido Presidente da Xunta don Manuel Fraga Iribarne.

A Galiza dos '90 a 2005 estivo baixo o mando de Manuel Fraga Iribarne. Houbo oscilacións económicas mundiais, favorábeis desde 1995 sen, por iso, saírmos do “declive económico”. Tense acumado aos '95 unha nova *belle époque*, un luar da hexemonía de USA que prosegue até hoxe, talvez indicador sepulcral dun final imperial. Unha alta porcentaxe de “multinacionais” son americanas; ten USA o dominio da cultura de masas, cine, deporte, etc. Se ben é certa a competitividade económica do Leste e Europa, o poder militar americano é moi superior e controla e sérvese dos Estados amigos para o goberno universal. Mais a incapacidade de resolver os conflitos de Kosovo, Afganistán e Iraq e os propios internos, a débeda exterior, desigualdade social clamorosa que acaba de acreditar o temporal en New Orleans, IX-2005, e as disfuncións entre o unilateralismo dos EEUU e a hexemonía das multinacionais suxiren hipóteses duais: analistas hai que temen un *krack* cercano, mentres outros confían no *statu quo* americano.

Desde os 90 triunfa en todo o mundo o neoliberalismo: desregularización, flexibilización, privatización, máis mercado autorregulado; é “o proxecto global da fracción hexemónica da clase dominante, a financeira”¹¹. Aparentemente o Estado perde funcións, na realidade é utilizado polos poderes económicos para enriquecerse e someter aos proletariados: desigualdade social, desigualdade interestatal.

A España do PP, 1996-2004, asumiu o papel ancilar de USA en todos os campos, mesmo no militar: Iraq, Afganistán, etc.

Fraga acoplouse ao neoliberalismo máis oficialista. Xavier Vence no seu libro *O fracaso neoliberal na Galiza* danos unha análise completa destes 15 anos fraguianos. Concorro con esa análise.

En todo caso, Galiza forma parte de Europa, creceu economicamente aínda que non ao ritmo de converxer, e avanzou cara á sociedade da información, dos servizos, mais con tantas carencias e frustracións que a moitos, e tamén a Manuel María, afectou animicamente e acompañou até o 2004.

Fraga gobernou cun Parlamento de mans atadas, desde a subordinación do país aos intereses exteriores e aos clientelares, nunha corrupción difusa e ubicua e cunha confusa megalomanía, v.g., na obra iniciada da “Cidade da Cultura en Santiago” a quen alguén chama a pirámide de Keops. E, como este caso, tantas construcións espalladas e tantas infraestruturas sen senso e sen produtividade. En cambio logrou que os *mass media* lle cantasen loas e disimulasen a súa subordinación total ao máis rancio nacionalismo español de José María Aznar.

¹¹ Xavier Vence, *O fracaso neoliberal na Galiza*, A Nosa Terra, Vigo, 2005, p. 43

A pesar da lousa gobernativa, partidos da oposición, sectores sindicais, sociedade civil organizada, sobrepuxéronse e crean país. O nacionalismo ensaiara presenza parlamentar nos 80 coa Coalición Galega de breve duración, con Esquerda Galega e co BNG. No '97 o BNG obtén o 27'8% dos votos ás autonómicas e 18 deputados. O PSOE, logo de flutuacións ideolóxicas, recolle ventos favorábeis para hexemonizar a oposición, 2005, e formar goberno en coalición co BNG.

Como se logrou esta mutación política nun país envellecido dominado por unha CRTVG partidaria e uns *mass media* dependentes até o sofoco? Desde a sociedade civil produciuse unha literatura galega, artes plásticas, audiovisuais, etc: un vigor social certo e algúns triunfos económicos: Zara, exportación da moda, Televés, etc... En contraste con isto a maior parte da sociedade real votaba os gobernantes do PP que desatendían unha demografía en receso, desertizaban o agro, a pesca e a industria; acababan coas granxas familiares, cos numerosos autónomos e vampirizaban a Lei de Normalización Lingüística cunha praxe real de bilingüismo harmónico en desfavor do galego. Pero non hai mal que mil anos dure. As novas xeracións abrían os ollos e a sociedade ante o *Prestige*, 2003, asombrounos. A contaminación de petróleo do *Prestige* certificou a ineficacia política do PP estatal e autonómico. E testemuñou a coraxe e organización social que salvou o país. O impacto foi determinante e ben recollido por “Nunca Máis”, un compromiso amplo de persoas clarividentes e solidarias das clases asoballadas. A resposta viva de mariñeiros e voluntarios acreditou aos galegos, contou coa solidariedade europea e demostrou a incapacidade do goberno.

E, como nos '60, un sismo recorreu de norte a sur, de leste a oeste o país galego. O informe do CIS, 29-IV-2005, visualiza a conciencia dos galegos en relación coa realidade económico-social do país.

Situación económica 2005

Ben	16%
Regular	51%
Mal	24%

Id. En comparación con 2001

Mellor	13%
Igual	55%
Peor	24%

A sociedade aínda sofre deterioracións: mafias do narcotráfico, da trama incendiaria, dos *lumpen* internacional. Por iso as preocupacións principais ían nesa orde: Paro – inseguridade cidadá – droga – situación en perigo da agricultura, gandaría e pesca – perda no estado de benestar (sanidade-ensino, etc.) Esa sociedade síntese ao pairo ante o arrase globalizante que ameaza de morte a pobos enteiros.

Era demasiado e pasou o do 19/xñ-05

Esta é a Galiza que viu Manuel María ata o seu pasamento, 2004. Este é o país que el quería transformar e que ten neste intre unha recobrada esperanza.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. *Sempre en Galiza, edición crítica*, Santiago, 2000
- Alfonso Magariños. *A emigración: modernización e cambio social na Galicia contemporánea 1900-1936*. Laiovento, Santiago, 1999
- Carlos Taibo. *Os movementos de resistencia fronte á globalización*, Vigo, Xerais, 2005
- Frantz Fanon. *Les damnés de la terre*. París, La découverte Poches, Essais, nº 143, 1961
- Gabriel Tortella. *La revolución del siglo XX: capitalismo, comunismo y democracia*. Taurus, Madrid, 2000
- Gilles Kepel. *La Yihad: expansión y declive del islamismo*. Península. Barcelona, 2001
- Josep Fontana. *La historia de los hombres: el siglo XX*, Crítica, Barcelona, 2002
- Juan Pablo Fusi. *La Patria lejana. El nacionalismo en el siglo XX*. Taurus, Madrid, 2004
- Kristin Ross. *Mai 68 et ses vies ulteriores*, París, Complexe-Le Monde Diplomatique, 2005
- Marcos Mariño e Araceli Varela. *Á man esquerda*. Laiovento, Santiago, 2004, Peter Gwan / Robert Brenner
- Xaquín Fdez. Leiceaga, Edelmiro L. Iglesias, *Estrutura económica de Galiza*, Laiovento. Santiago, 2000
- Xavier Vence, *O fracaso neoliberal na Galiza*, A Nosa Terra, Vigo, 2005